

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES NON REMUNERADAS DO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NAS BIBLIOTECAS, ARQUIVOS E MUSEOS XESTIONADOS POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES.

Santiago de Compostela, 6 de febreiro de 2024

REÚNENSE:

Dunha parte, D. Román Rodríguez González, actuando en representación da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, en virtude do seu cargo de conselleiro para o que foi nomeado polo Decreto 60/2022, do 15 maio, en exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, de 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, así como o artigo 7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Por outra banda, D. Manuel Joaquín Reigosa Roger, reitor da Universidade de Vigo, nomeado segundo o Decreto da comunidade autónoma de Galicia 110/2022, do 9 de xuño, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) núm. 117, do 20 de xuño, de acordo coas competencias que lle outorga o artigo 50 da Lei orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o artigo 29 dos Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG núm. 38, do 22 de febreiro.

Ámbalas dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e, para os efectos,

EXPOÑEN:

1. Que a Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades é o departamento da Xunta de Galicia ao que lle corresponden, entre outras, as competencias e funcións en materia de promoción e difusión da cultura, a protección do patrimonio documental, bibliográfico e museístico, así como a materia de bibliotecas, arquivos e museos de Galicia.
2. Que a Universidade de Vigo é unha entidade de dereito público á que lle corresponde, no ámbito das súas competencias, o servizo público da educación superior. Está dotada de personalidade xurídica e patrimonio propios e desfruta de autonomía académica, económica e de goberno, de acordo coa Constitución e coa Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de Universidades. Entre os seus fins prioritarios destacan a impartición de formación axeitada, para facilitar a aprendizaxe dos estudantes, a preparación para o exercicio de actividades profesionais ou artísticas e a obtención dos títulos académicos correspondentes, así como a difusión do coñecemento e a cultura a través da formación universitaria e a súa extensión ao longo de toda a vida.
3. É de interese de ambas as dúas partes facilitar a preparación para o exercicio profesional do alumnado universitario nas áreas operativas que se determinen e para conseguir profesionais cunha visión real dos problemas, preparando a súa incorporación futura ao traballo dentro da sociedade.

4. Na nova ordenación das ensinanzas universitarias oficiais introducida, por esixencias do proceso de construción do Espazo Europeo de Educación Superior, pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril, pola que se modifica a Lei orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de Universidades, e desenvolvida polo Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro, púxose unha especial énfase na realización de prácticas externas polos estudantes universitarios, previndo que os plans de estudos de grao conterán toda a formación teórica e práctica que o estudante deba adquirir, entre a que se mencionan as prácticas externas.

Neste mesmo sentido, o Estatuto do Estudante Universitario, aprobado polo Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, recoñece no seu artigo 8 o dereito dos estudantes de grao a dispoñer da posibilidade de realización de prácticas curriculares e extra curriculares, que poderán realizarse en entidades externas e nos centros, estruturas ou servizos da Universidade, segundo a modalidade prevista e garantindo que sirvan á finalidade formativa destas.

O Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios aclara na súa regulación os obxectivos das prácticas, as entidades colaboradoras, os destinatarios, os requisitos, titorías e contidos; ademais promove a incorporación de estudantes en prácticas no ámbito das administracións públicas e no das empresas privadas, impulsando a empregabilidade dos futuros profesionais, fomentando a súa capacidade de emprendemento, creatividade e innovación.

O dito Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, prevé no seu artigo 7 que para a realización das prácticas externas, as universidades ou, no seu caso, as entidades xestoras de prácticas a elas vinculadas, subscribirán convenios de cooperación coas entidades colaboradoras.

O Real decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da fenda de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións, veu a engadir unha nova disposición adicional quincuaxésima segunda no texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real decreto legislativo 8/2015, do 30 de outubro, no que se regula a inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación.

De acordo con esta disposición, a realización de prácticas formativas en empresas, institucións ou entidades incluídas en programas de formación, e a realización de prácticas académicas externas ao amparo da respectiva regulación legal e regulamentaria, determinará a inclusión no sistema da Seguridade Social das persoas que as realicen nos termos desa disposición adicional.

En consecuencia, polo feito de existir un interese común para facilitar a realización de actividades formativas dirixidas aos estudantes universitarios, e para permitirlles a estes aplicar e complementar os coñecementos adquiridos na súa formación académica para o exercicio futuro de actividades profesionais dentro da sociedade, ambas as dúas partes subscriben o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes,

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

1. As partes asinantes acordan establecer un programa para a realización de prácticas académicas externas do alumnado das facultades de Historia e Belas Artes da Universidade de Vigo nas bibliotecas, arquivos e museos xestionados pola Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades que se relacionan, así como para achegar as súas persoas expertas para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fose precisa. As prácticas poderán ser:

- a) Curriculares, contempladas nos plans de estudos.
- b) Prácticas conducentes á elaboración dos traballos fin de grao/traballos fin de máster, segundo se contempla nos plans de estudo e demais normativa de aplicación.
- c) Extracurriculares ou complementarias.

2. O convenio fixa os mecanismos de colaboración entre as partes coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación da colaboración.

3. Os centros nos que se poderán desenvolver as prácticas son os seguintes:

Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense

Museo Etnolóxico de Ribadavia

Museo do Mar de Galicia

Museo Massó

Museo das Peregrinacións e de Santiago

Museo de Belas Artes da Coruña

Museo Castro de Viladonga

Museo do Viño de Galicia

Arquivo de Galicia

Arquivo Histórico Provincial de Lugo

Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Arquivo Histórico Provincial de Pontevedra

Arquivo de Galicia

Arquivo central da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades.

Arquivo territorial da Xunta de Galicia en Lugo

Arquivo territorial da Xunta de Galicia en Vigo

Arquivo territorial da Xunta de Galicia en Pontevedra

Biblioteca de Galicia

Biblioteca pública Miguel González Garcés da Coruña

Biblioteca pública de Lugo

Biblioteca pública de Ourense

Biblioteca pública Antonio Odriozola de Pontevedra

Biblioteca pública Anxel Casal de Santiago de Compostela

Biblioteca pública Juan Compañel de Vigo

Centro Galego de Arte Contemporánea en Santiago de Compostela

Segunda. Convocatoria de prácticas

1. A Universidade de Vigo realizará, como mínimo, unha convocatoria de prácticas en cada curso académico na que se concretará o número do alumnado de prácticas, garantindo os principios de transparencia, publicidade e igualdade de oportunidades. A realización efectiva das prácticas convocadas poderá exceder o período ordinario do curso académico con límite até o 30 de setembro do curso seguinte.
2. Corresponde á Universidade de Vigo a selección do alumnado conforme aos principios de publicidade, mérito e capacidade. No caso de que a convocatoria das prácticas non concrete a valoración dos méritos, o órgano de selección deberá elaborar e publicar os criterios antes da análise dos expedientes.
3. En todo caso, terán prioridade nos procesos de selección as prácticas curriculares sobre as extracurriculares. Así mesmo, outorgarase prioridade na elección e adxudicación de prácticas ao alumnado con discapacidade, con obxecto de que poidan optar a empresas nas que teñan unha adaptación de medios para realizar as prácticas.
4. Unha vez asignado o destino das prácticas e antes do seu inicio, o alumnado deberá formalizar a oportuna matrícula nos prazos que se establezan.

Terceira. Requisitos do alumnado en prácticas

Poderá realizar prácticas nas bibliotecas, arquivos e museos xestionados pola Consellería de Cultura , Educación, Formación Profesional e Universidades o alumnado das facultades de Historia e Belas Artes da Universidade de Vigo

Para a realización das prácticas académicas externas o alumnado deberá cumprir os seguintes requisitos:

- a) Estar matriculado na titulación á que se vinculan as prácticas segundo as competencias que debe adquirir o alumnado.
- b) Non ter superados os créditos vinculados a estas prácticas externas curriculares, e non ter realizado o depósito do título. O alumnado deberá matricular os créditos correspondentes ás prácticas curriculares adxudicadas.
- c) Non ter cuberto o número máximo de créditos de prácticas externas extracurriculares e non ter realizadas estas prácticas na mesma entidade en convocatorias precedentes, agás que a actividade que vai desenvolver sexa nun programa diferente, nunha unidade ou dispositivo diferente ou non superase o límite máximo de horas nesa entidade e non ter realizado o depósito do título. O alumnado deberá matricular os créditos correspondentes ás prácticas extracurriculares adxudicadas.
- d) Non manter ningunha relación contractual coa institución ou entidade pública na que se van realizar as prácticas.
- e) Calquera outro requisito establecido na convocatoria de matrícula ou normativa de aplicación ás prácticas académicas externas.

Cuarta. Número de prazas de prácticas

O número de prazas que se convoquen para realizar as prácticas determinará a Comisión de Seguimento deste convenio e concretarase nas convocatorias que faga a Universidade de Vigo.

A admisión do alumnado en prácticas da Universidade de Vigo nas bibliotecas, arquivos e museos da consellería estará condicionada á capacidade dos centros para asumir a súa formación de forma que só se admitirán en cada convocatoria un número determinado fixado en función das súas posibilidades de admisión.

Quinta. Duración das prácticas, réxime de permisos e condición de resolución anticipada das prácticas.

1. A duración das prácticas será a seguinte:

- a) As prácticas externas curriculares terán a duración que estableza o plan de estudos correspondente, nos termos establecidos polo artigo 12.6 do Real decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais.
- b) As prácticas externas extracurriculares terán unha duración non superior ao cincuenta por cento do curso académico, é dicir, 30 ECTS (ou sexa, 750 horas, considerando unha equivalencia de 25h/ECTS).

2. Os horarios de realización das prácticas estableceranse de acordo coas súas características e as dispoñibilidades da entidade colaboradora. Deberán ser compatibles coa actividade académica, formativa e de representación e participación desenvolvida polo alumnado na universidade.

3. O réxime de permisos será acordado pola Universidade de Vigo que deberá comunicarllo á entidade colaboradora. En todo caso, a entidade colaboradora deberá respectar as obrigas que se deriven do cumprimento da actividade académica e formativa, así como da representación e participación do alumnado. 4. Poderá ser excluído das prácticas académicas o alumnado que incumpra as actividades definidas no proxecto formativo ou as directrices marcadas polo titor ou titora da entidade colaboradora. Neste caso, a Universidade de Vigo comunicará á entidade colaboradora esta circunstancia para, a continuación, dar por finalizada anticipadamente a realización da práctica externa coa perda dos dereitos formativos e, de ser o caso, económicos que corresponderan ás persoas beneficiarias.

5. No caso de que as prácticas na entidade colaboradora non se axusten ao acordado coa Comisión de Título poderán ser rescindidas. Nestes casos, a Comisión de Título ou órgano competente deberá ofrecer unha solución para completar o período que lle reste á alumna ou alumno para finalizar as prácticas. Así mesmo, o alumnado en prácticas poderá, por causas xustificadas, solicitar a renuncia a elas, o que deberá ser resolto pola vicerreitoría con competencias en materia de prácticas académicas.

Sexta. Proxecto formativo das prácticas

O proxecto formativo no que se concretará a realización das prácticas académicas externas deberá fixar os obxectivos educativos e as actividades que se vaian desenvolver. Os obxectivos estableceranse considerando as competencias básicas, xenéricas, específicas e transversais que debe adquirir o alumnado. Así mesmo, os contidos das prácticas definiranse de forma que aseguren a relación directa das competencias a adquirir cos estudos cursados. Este proxecto formativo adecuarase ao contido especificado no anexo I a este convenio para a realización de prácticas académicas externas.

Sétima. Vinculación do alumnado en prácticas coa entidade colaboradora.

1. A relación do alumnado en prácticas coas entidades colaboradoras non terá en ningún caso carácter laboral e, polo tanto, non se poderá acoller a ningunha modalidade contractual laboral das previstas no "Estatuto dos Traballadores".

2. As actividades estarán sempre orientadas á aprendizaxe práctica titorizada, polo que o alumnado en prácticas non poderá realizar tarefas de responsabilidade na entidade colaboradora, nin as propias e exclusivas do seu persoal.

3. A entidade colaboradora non poderá cubrir co alumnado en prácticas ningún posto de traballo, nin sequera con carácter eventual ou interino.

4. Durante o período de prácticas non se poderá formalizar ningún contrato de traballo entre a entidade colaboradora e o alumnado.

5. As prácticas obxecto deste convenio requirirán da asunción, por parte da Universidade de Vigo, con carácter previo ao inicio do período de prácticas, da obriga de tramitación da alta na Seguridade Social e cotización do alumnado mentres se manteña en vigor a disposición adicional 52ª do

Real decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo.

Oitava.- Aseguramento do alumnado e Responsabilidade civil.

1. Calquera eventualidade de accidente ou de responsabilidade civil que se puidese producir no tempo de realización das prácticas estará cuberta, segundo o caso, polo seguro escolar ou polo seguro de accidentes ou de responsabilidade civil contratados para este fin pola Universidade de Vigo.

2. No caso de realización de prácticas académicas externas fóra do territorio nacional, o alumnado está obrigado a ter un seguro médico que garanta a asistencia sanitaria no país onde realizará o seu período de prácticas (Tarxeta Sanitaria Europea ou seguro privado). Con todo, as prestacións da Tarxeta Sanitaria Europea ou dun seguro privado poden non ser suficientes en caso de repatriación ou determinadas intervencións médicas, polo que se recomenda ao alumnado a contratación dun seguro complementario privado. En calquera caso, solicitaráselle que acredite a tramitación da Tarxeta Sanitaria Europea ou dun seguro privado antes da súa partida. O alumnado que realice prácticas no estranxeiro deberá subscribir un seguro adicional de asistencia en viaxe que cubra, polo menos, responsabilidade civil privada, danos a terceiros, accidentes persoais e repatriación.

Novena.- Dereitos e deberes do alumnado.

1. O alumnado en prácticas terá dereito a contar cun titor ou titora externa da entidade colaboradora e un titor ou titora académica da universidade.

2. O alumnado en prácticas terá dereito a:

a) Ser avaliado no desenvolvemento das súas actividades, segundo o establecido no programa. A avaliación referirase á consecución dos obxectivos de formación que deberán ser coñecidos polo titor ou titora externa. O alumnado terá dereito a coñecer os criterios de avaliación.

b) Que se lle imputen os créditos cursados para os efectos de finalización de estudos no caso das prácticas curriculares, sempre que contén coa avaliación positiva do seu período de prácticas. No caso das prácticas extracurriculares, a que a Universidade acredite as prácticas realizadas facéndose constar no expediente e no Suplemento Europeo ao Título (SET) sempre que contén con avaliación positiva e se realicen antes do remate dos estudos.

c) Expedición, por parte da entidade colaboradora, unha vez finalizado o período de prácticas con avaliación positiva, dunha certificación con mención expresa do nivel acadado na realización das prácticas e indicación da especialidade á que estivo orientada a súa formación, de ser o caso.

d) Que se lle recoñeza a propiedade intelectual e industrial nos termos establecidos na lexislación reguladora da materia.

e) Recibir, por parte da entidade colaboradora, información da normativa de seguridade e prevención de riscos laborais.

f) Cumprir coa súa actividade académica, formativa e de representación e participación, previa comunicación con antelación suficiente á entidade colaboradora.

g) Dispoñer, no caso do alumnado con discapacidade, dos recursos necesarios para o acceso á

tutela, á información, á avaliación e á realización das prácticas en igualdade de condicións.

h) Conciliar, no caso do alumnado con discapacidade, a realización das prácticas con aquelas actividades e situacións persoais derivadas ou relacionadas coa súa situación de discapacidade.

i) O alumnado en prácticas que por razón das actividades formativas teña acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelará, a persoa allea á entidade colaboradora, información da que tivera coñecemento, nin utilizara ou disporá dela dun xeito ou cunha finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistira aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte á entidade colaboradora, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

3. No caso das prácticas curriculares se o alumnado, unha vez matriculado, non recibiu a formación por incumprimento da entidade colaboradora, o centro deberá procurar a súa incorporación noutra entidade para desenvolver as prácticas dentro da mesma convocatoria. De resultar imposible, terá dereito á devolución dos prezos públicos pagados e preferencia na asignación de prácticas na seguinte convocatoria.

No caso de prácticas extracurriculares se o alumnado, unha vez matriculado, non recibiu a formación por incumprimento da entidade xestora ou da entidade colaboradora, poderá optar pola devolución dos prezos públicos pagados, pola súa inclusión nunha lista de agarda ou pola súa inscrición automática nunha nova convocatoria. Este alumnado terá preferencia sobre as novas solicitudes de prácticas extracurriculares.

Así mesmo, terán os dereitos establecidos no Real decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios e no Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o "Estatuto do estudante universitario"

4. Durante o período de prácticas, o alumnado deberá desenvolver o proxecto formativo e elaborar unha memoria final e, de ser o caso, un informe intermedio.

5. Con relación á entidade en que se desenvolven as prácticas, o alumnado deberá:

- a) Incorporarse na data acordada e cumprir o horario previsto no anexo.
- b) Cumprir e respectar o sistema organizativo da entidade.
- c) Gardar o debido sigilo respecto dos asuntos que coñezan na súa tarefa.
- d) Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da entidade.
- e) Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas coa entidade colaboradora.

6. O alumnado de prácticas curriculares estará obrigado á realización da totalidade de créditos dos que estean matriculados, de acordo co establecido no plano de estudos, para obteren o recoñecemento académico.

O incumprimento das súas obrigas poderá determinar a perda automática dos seus dereitos como estudante en prácticas sen prexuízo das accións disciplinarias que procedan.

Décima.-Titorización das prácticas.

A cada estudante seralle atribuído unha titora ou titor académico que será docente da titulación por designación do centro para cada práctica ofertada coa misión de facer un seguimento máis

directo, dar resposta ás expectativas formativas establecidas, asegurar o seu correcto desenvolvemento e avalialo de acordo co proxecto formativo e o programa ou guía docente da materia. A titora ou titor académico tamén será o responsable de avaliar ao alumnado de prácticas externas curriculares conforme os criterios de avaliación que se fixen e segundo o procedemento de avaliación establecido pola Universidade de Vigo.

Cada estudante contará tamén cunha titora ou titor na entidade colaboradora onde realice as prácticas. Será o responsable de aplicar o plan de formación previsto e elaborar os informes de valoración que lle sexan solicitados sobre o traballo desenvolvido pola alumna ou alumno.

Décimo primeira.- Dereitos e obrigas das titoras e titores.

1. A titora ou titor externo da entidade colaboradora terá dereito a:

- a) O recoñecemento da súa actividade colaboradora por parte da universidade, a través da súa solicitude.
- b) A recibir información acerca do regulamento de prácticas académicas externas.
- c) A recibir información sobre o proxecto formativo e as condicións do seu desenvolvemento.
- d) A obter a información e o apoio necesarios para o cumprimento dos fins propios da súa función.

2. A titora ou titor externo da entidade colaboradora terá os seguintes deberes:

- a) Acolloer o alumnado e organizar a actividade segundo o establecido no proxecto formativo.
- b) Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento da práctica cunha relación baseada no respecto mutuo e o compromiso coa aprendizaxe.
- c) Informar ao alumnado da organización e funcionamento da entidade e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
- d) Coordinar coa titora ou titor académico da universidade o desenvolvemento das actividades establecidas no convenio que deberán contemplar:

- 1º) As modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para o desenvolvemento das prácticas.
- 2º) A comunicación e resolución das incidencias que puidesen xurdir.
- 3º) O control de permisos para a realización de exames e/ou outro tipo de actividades de carácter académico.
- 4º) Emitir o informe final e, de ser o caso, o informe intermedio.
- 5º) Proporcionar a formación complementaria que precise o alumnado para a realización das prácticas.
- 6º) A entidade colaboradora deberá proporcionar ao alumnado os medios materiais indispensables para o desenvolvemento das prácticas.
- 7º) Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do alumnado.
- 8º) Facilitar á titora ou titor académico da universidade o acceso á entidade para o cumprimento dos fins propios da súa función.
- 9º) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do alumnado como consecuencia da súa actividade como titora ou titor.
- 10º) Prestar axuda e asistencia ao alumnado durante a súa estancia na entidade, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realiza.

3. A titora ou titor académico da universidade terá os seguintes dereitos:

- a) Recoñecemento efectivo da súa actividade académica, sen que do devandito recoñecemento poidan derivarse en ningún caso efectos retributivos específicos.
- b) Recibir información verbo do regulamento de prácticas académicas externas, así como do proxecto formativo e das condicións baixo as que se desenvolverá a estancia do alumnado que debe tutelar.
- c) Ter acceso á entidade colaboradora para o cumprimento dos fins propios da súa función.

4. A titora ou titor académico da universidade terá os seguintes deberes:

- a) Velar polo normal desenvolvemento do proxecto formativo, garantindo a compatibilidade do horario das prácticas coas obrigas académicas, formativas, de representación e participación do alumnado.
- b) Facer un seguimento efectivo das prácticas coordinándose coa titora ou titor externo da entidade colaboradora e vistos, de ser o caso, os informes de seguimento.
- c) Autorizar as modificacións que se produzan no proxecto formativo.
- d) Avaliar as prácticas do alumnado titorizado.
- e) Gardar confidencialidade sobre a información que coñeza como consecuencia da súa actividade como titora ou titor.
- f) Informar á persoa responsable das prácticas académicas externas na universidade das posibles incidencias xurdidas.
- g) Supervisar e, de ser o caso, solicitar a adecuada disposición dos recursos de apoio necesarios para asegurar que o alumnado con discapacidade realice as súas prácticas en condicións de igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal.

Décimo segunda. Memoria das prácticas.

Ao rematar o período de prácticas cada alumna ou alumno deberá realizar unha memoria final sobre o traballo desenvolvido que entregará á titora ou titor académico.

Décimo terceira. Procedemento de avaliación

A titora ou titor académico, á vista do informe da entidade colaboradora e da memoria final do alumnado, avaliará as prácticas desenvolvidas cubrindo o correspondente informe de valoración.

Décimo cuarta. Certificación da entidade colaboradora

No caso de que a avaliación da memoria e o informe de actuación do alumnado sexan favorables, a entidade colaboradora emitirá para cada alumna ou alumno unha certificación na que debe constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos, investigacións, etc. realizados nela. A certificación deberá especificar que carecerá de efectos académicos quedando supeditada, a estes efectos, á avaliación que realice a Universidade de Vigo das prácticas.

Décimo quinta. Efectos das prácticas

A realización das prácticas curriculares polo alumnado computará para a obtención dos títulos correspondentes co carácter establecido no plan de estudos.

No caso das prácticas extracurriculares, non formarán parte do plan de estudos, pero figuraran no expediente e no Suplemento Europeo ao Título, sempre que se realizaran antes da finalización dos estudos.

Décimo sexta. Protección de datos.

As partes comprométense a cumprir o establecido no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), así como na Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no resto da lexislación española aplicable nesta materia.

O alumnado en prácticas que por razón das actividades formativas teña acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal non revelará, a persoa allea á entidade colaboradora, información da que tivera coñecemento, nin utilizara ou disporá dela dun xeito ou cunha finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistira aínda despois de rematadas as prácticas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte á entidade colaboradora, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puideran derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

Para tal efecto o alumnado poderá asinar coa entidade colaboradora un documento no que se obrigue a cumprir o deber de segredo antes citado.

A Universidade de Vigo protexe e garante o dereito fundamental á protección de datos e amósase especialmente sensibilizada pola salvagarda da privacidade das persoas. O tratamento de datos faise de acordo co Regulamento (UE) 2016/679 citado, coa Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais así como co resto da lexislación española aplicable nesta materia. Así as cousas, este tratamento responde aos principios de licitude, lealdade, transparencia, limitación da finalidade, minimización dos datos, exactitude, limitación do prazo de conservación, integridade, confidencialidade e responsabilidade proactiva.

Décimo sétima. Notificación electrónica.

Segundo o artigo 14.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, os colectivos que están obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas administracións públicas, e polo tanto, a recibir notificacións por canles electrónicas son: as persoas xurídicas, as entidades sen personalidade xurídica, os colexios profesionais, os que representen un interesado que estea obrigado a relacionarse de maneira electrónica coa Administración e os empregados das administracións públicas para os trámites que realicen con elas por razón da súa condición de empregado público.

As notificacións realizaranse só por medios electrónicos a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia Notifica, <https://notfca.xunta.gal>. Para poder acceder a unha notificación electrónica, a persoa interesada deberá contar cun certificado electrónico asociado ao NIF que figure como destinatario da notificación (persoa física ou xurídica). Así mesmo, a persoa interesada poderá autorizar a calquera outra persoa a acceder ao contido das súas notificacións.

Décimo oitava. Comisión de seguimento.

Créase unha comisión de seguimento e interpretación do presente convenio. Intégrana, por parte da Universidade de Vigo, o vicerreitor ou vicerreitora con competencias en materia de prácticas

académicas externas, ou persoa en que delegue, e a persoa responsable das prácticas do centro, e por parte da entidade colaboradora as dúas persoas que esta designe. O vicerreitor ou vicerreitora con competencias en materia de prácticas académicas externas, ou persoa en quen delegue, será a persoa interlocutora da Universidade coa entidade colaboradora en todo o relativo a este convenio.

A Comisión de Seguimento terá as seguintes competencias:

1. Resolver os problemas que presente a súa execución.
2. Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre partes.
3. Tomar medidas en relación coas incidencias que xurdan na realización das prácticas, incluída a decisión de dar por finalizadas as prácticas para aqueles alumnos e alumnas que incumpran gravemente as obrigas inherentes ás mesmas.
4. Determinar o número de prazas que se convoquen para realizar as prácticas académicas externas e que se concretarán nas convocatorias que faga a Universidade de Vigo.

A comisión reunirase cando así o considere necesario calquera das partes.

Décimo novena. Normas de aplicación supletorias.

A falta de determinación no convenio, seranlle de aplicación as seguintes normas:

- a) Real decreto 1393/2007, do 29 de outubro polo que se establece a ordenación das ensinanza universitarias.
- b) Real decreto 592/2014 de 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.
- c) Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común
- d) Lei 40 /2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público
- e) Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido Lei xeral da Seguridade Social
- f) Plan de estudos da titulación.
- g) Convocatorias de prácticas externas e demais disposicións xerais de aplicación.

Vixésima. Vixencia do convenio

O convenio terá efectos dende a súa sinatura e a súa duración será de catro anos, podendo prorrogarse de forma expresa para os seguintes catro anos de común acordo polas partes e en tanto non se denuncie expresamente como mínimo con tres meses de antelación.

En todo caso, non se poderá rescindir mentres existan estudantes realizando prácticas.

Vixésimo primeira. Resolución do convenio.

Serán causas de resolución do convenio:

- a) O mutuo acordo das partes.
- b) O incumprimento das cláusulas contidas nel, tras a reunión da Comisión de Seguimento.

A denuncia do convenio poderá ser realizada por calquera das partes, debendo comunicalo por escrito coa antelación establecida na cláusula vixésima.

Unha vez extinguido o convenio deberá asegurarse ao alumnado que está desenvolvendo as actividades formativas obxecto deste acordo a posibilidade de finalizalas.

Vixésimo segunda. Xurisdición

As partes comprométense a resolver amigablemente as diferenzas que puideran xurdir. A Comisión de Seguimento estará facultada para resolver cantas dúbidas xurdan na execución do convenio. As cuestións litixiosas que puideran xurdir na súa interpretación e cumprimento serán de coñecemento e competencia da xurisdición contencioso-administrativa.

En proba de conformidade, ambas partes asinan a presente addenda no lugar e data da sinatura dixital

O REITOR DA UNIVERSIDADE
DE VIGO

O CONSELLEIRO DE CULTURA, EDUCACIÓN,
FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES
(P.D. Orde do 29.07.2022)
O Secretario Xeral Técnico

Manuel Joaquín Reigosa Roger

Manuel Vila López

ANEXO I

ANEXO AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES NON REMUNERADAS DO ALUMNADO DA UNIVERSIDADE DE VIGO NAS BIBLIOTECAS, ARQUIVOS E MUSEOS XESTIONADOS POLA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN, FORMACIÓN PROFESIONAL E UNIVERSIDADES

CURSO ACADÉMICO 202...../202....

As persoas que asinan este documento manifestan que leron e aceptan as condicións e compromisos establecidos no Convenio de Colaboración subscrito entre a Consellería de Cultura, Educación, formación Profesional e Universidades e a Universidade de Vigo, e de acordo coas cláusulas contempladas no dito convenio, fan constar a seguinte información:

1.- Tipo de prácticas

- | | |
|--------------------------|-------------------|
| ☐ | Curriculares |
| ☐ | Extracurriculares |

2.- Estudiante beneficiario ou beneficiaria

NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
NIF		

A/o estudante declara cumprir os requisitos establecidos para a realización das prácticas (cláusula terceira do convenio) así como estar ao corrente no pagamento do seguro establecido na cláusula oitava 1. do convenio (seguro escolar para menores de 28 anos; seguro específico para os maiores de 28 anos).

3.- Titulación na que está matriculado ou matriculada

--

4.- Centro dependente da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades onde se desenvolverán as actividades

--

5.- Titora ou titor académica:

--



NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
NIF		
6.- Titora ou titor da entidade colaboradora:		
NOME	PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO
NIF		

7.- Duración das Prácticas Académicas Externas (dd/mm/aa):							
Do		ao		Nº total de días		Horas/día	

8. O réxime de **permisos** será acordado pola entidade colaboradora e o alumnado, e deberá adaptarse ás normas que a Universidade poida establecer. En todo caso, deberán respectarse por parte da entidade colaboradora as obrigas de asistencia á Universidade motivadas polo cumprimento da actividade académica e formativa, así como de representación e participación do alumnado tal e como se establece na cláusula quinta, apartado 3 do presente convenio.

9. O **obxectivo** educativo destas prácticas é que o alumnado aplique e complemente os coñecementos adquiridos na súa formación académica, favorecendo a adquisición de competencias que o preparen para o exercicio de actividades profesionais, faciliten a súa empregabilidade e fomenten a súa capacidade de emprendemento.

10. Proxecto formativo das prácticas (actividades, competencias, obxectivos específicos, etc.)

O proxecto formativo concreto das prácticas académicas externas ficará reflectido para cada caso neste apartado. O proxecto formativo terá en conta os principios de inclusión, igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal. O perfil e o nivel de afondamento dependerán dos labores a desenvolver polo alumnado dentro do marco do convenio de colaboración. O alumnado realizará unha estadía onde porán en práctica os coñecementos adquiridos adaptándose así a unha realidade concreta do traballo día a día.

11. Sistemas de **avaliación e control**: O titor ou titora académica, á vista do informe da entidade colaboradora e da memoria final da alumna ou alumno, avaliará as prácticas desenvolvidas.

12. O/a estudante comprométese a cumprir coas obrigas establecidas no convenio:

- a) Incorporarse na data acordada e cumprir o horario previsto no anexo.
- b) Cumprir e respectar o sistema organizativo da entidade.
- c) Gardar o debido sexilo respecto dos asuntos que coñeza na súa tarefa.
- d) Cumprir e respectar as normas de seguridade e prevención de riscos laborais da entidade.
- e) Cumprir con dilixencia e boa fe as actividades acordadas coa entidade colaboradora.

13.- Información de protección de datos:

Entidade	Universidade de Vigo
Responsable do tratamento	Secretaría Xeral
Finalidade	Xestión dos procesos de acceso á universidade, de matrícula, continuación de estudos, traslados, xestión dos expedientes académicos, dos títulos e dos cursos de posgrao, terceiro ciclo e formación continua, tramitación de reclamacións, recursos, queixas e suxestións, control económico de prezos, enquisas, prácticas, así como calquera outra actividade que se inclúa na xestión académica administrativa.
Lexitimación	Prestación do servizo público de educación superior (Lei orgánica 6/2001, de Universidades e Lei autonómica 6/2013, do Sistema Universitario de Galicia). No seu caso, consentimento das persoas interesadas.
Persoas destinatarias	Poderanse ceder datos a administracións públicas con competencias na materia, e nos supostos de obrigas legais.
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir datos, limitar o seu tratamento, opoñerse ao mesmo e á portabilidade dos datos.
Información Adicional	Pódese consultar información adicional na política de privacidade e protección de datos aloxada en: https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/proteccion-datos-0
Transferencias internacionais	Non se prevén

O que se asina, por triplicado, en....., a.....de.....de 20.....

A titora ou titor académica/o

A titora ou titor pola entidade
colaboradora

A/o estudante